



## LUÍSA VILLALTA.

Benvidos e benvidas outro día máis á nosa sección literaria de RADIO MEDE, unha viaxe pola literatura en podcast onde exploramos as voces poéticas que deixaron unha pegada no corazón da nosa terra.

*(Música: “Claro de lúa” de Beethoven. Primeiros 10 segundos)*

Hoxe mergullámonos no mundo de Luísa Villalta.

Luísa Villalta naceu na Coruña o 15 de xullo de 1957 e morreu o 6 de marzo de 2004 a causa dunha meninxite, coa idade de 46 anos, na súa cidade natal, onde residiu boa parte da súa vida e que foi materia tamén da súa obra.

“O meu nome é o da Cidade Alta  
nacido onde a luz e o mar se están orixinando  
mutuamente  
nacín enfrente de min mesma  
cando a Pescadería era un leito de sereas  
e a serpe demorada na voz dos meus avós  
vento dos ventos

Veño de aquí  
unha historia de palabras  
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón  
palabras que son xente a murmurar de lonxe (...)”

Foi profesora de Lingua Galega e Literatura, violinista e escritora.

Luísa Villalta é unha destacada representante da cultura galega contemporánea, tanto no ámbito musical como no literario; a súa obra abrangue todos os xéneros (poesía, novela, teatro e ensaio), sempre desde unha perspectiva renovadora e orixinal.

“Esa son eu  
rubindo unha e outra vez as escadas  
dun mundo posíbel  
separando sempre pola idade a teima  
e a vontade íntima de voar

No alto a miña casa alta  
e por cima un país nas nubes  
lidando co sol difícil do Norte  
que sempre se rende ás gadoupas do mar  
e esquece ficar para quecerme”

### **Dentro do ámbito da poesía publicou os libros:**

- *Música reservada.*
- *Ruído.*
- *Rota ao interior do ollo.*
- *En concreto.*
- *O Papagaio.*
- *As palabras ingrávidas.*

• No 2023, publicouse: *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004).*

### **Canto á narrativa temos:**

- *Silénzio, ensaiamos.*
- *Teoría de xogos.*
- *As chaves do tempo.*

### **O teatro foi un xénero cultivado por ela desde moi cedo, con obras como:**

- *“Concerto para un home só”,*
- *“O representante”*
- *“O paseo das esfínxes”*
- *“Os dóces anos da guerra”*

• No 2018 publicouse *Sinfonía de escenas: obra dramática completa de Luísa Villalta*

### **Tamén escribiu ensaio como:**

- *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral.*
- *O Outro lado da música, a poesía : relación entre ambas artes na historia da literatura galega.*
- *Libro das columnas.*

## Á parte da creación propia traduciu:

- *Manifesto por un novo teatro*, de Pier Paolo Pasolini,
- *Mandrágora*, de Niccolo Macchiavelli.

Ademais de todo isto, desenvolveu unha intensa actividade cultural: recitais de poesía, conferencias... Colaborou en varias publicacións como A Nosa Terra, Man Común, Festa da Palabra silenciada... E participou en organizacións como a Asociación de Escritores en Lingua Galega, o Foro pola Cultura Galega ou a Mesa pola Normalización Lingüística.

Á parte dos temas culturais, foi unha muller comprometida co momento en que lle tocou vivir e participou moi activamente nas mobilizacións de protesta pola catástrofe do Prestige, en contra da guerra de Iraq e na súa cidade natal en contra da especulación urbanística no barrio do Papagaio, solidarizándose coas prostitutas que alí vivían.

A amizade ten flor que rebenta nas paredes,  
sobrevive na podremia mutua  
e só precisa das fiestras abertas  
onde nace e se deita o sol de dentro.  
Compartir as cordas de tender a roupa  
vibrantes de emoción e de necesidade  
por aquelas cousas que a auga da vida  
non dá lavado, pola dor que as esfrega,  
deteriora, volve inúteis  
e entón hai que poñelas a secar  
ao ar das bocas abertas, xanelas asustadas.  
Non é amor no sentido estrito da palabra  
senón amor de luz, esa grande indiferencia  
(...)

É a sexta muller protagonista do Día da Letras Galegas. Desde Rosalía a Luísa Villalta, unidas no compromiso e a profundidade da súa poesía, rematamos escoitando o poema que lle deu título á súa poesía reunida:  
*Pensar é escuro:*

Pensar é escuro  
como un muro de sombra imerecida:  
do outro lado o sol, sempre ao outro lado,  
lonxe, infinitamente lonxe  
desta xanela á que rebota estremecida  
a confusión que por min parece o ar,

e as auséncias que proxecto como sombras  
dalgun min que eu non decido.

Pensar, pensar como en lexión  
de criaturas espantosas que arrebatan  
as explicacións mais simples da loucura.  
E é así, porque a razón é tráxica,  
como tráxico é calquer fin último,  
calquer destino ao que se aboca a vida.

*(Música: “Claro de lúa” de Beethoven. 10 segundos)*

E ata aquí o noso episodio de hoxe. Grazas por acompañarnos e espero  
que gozases desta viaxe literaria connosco. Vémonos no próximo episodio.